



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A CATEDRAL DE SANTIAGO PARA A MELLORA DA ATENCIÓN AOS PEREGRINOS E VISITANTES.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

#### DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa S.A.M.I. Catedral de Santiago o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Catedral de Santiago, para o reforzo do material e persoal, así como colaborar nos gastos de funcionamento do Centro internacional de acollida aos peregrinos para unha maior atención e información aos peregrinos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega e particularmente do produto estrela de todos os galegos, o Camiño de Santiago.

**Segundo.-** A S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela, é un singular monumento, que posee valores históricos, artísticos e culturais de alto interese que a convirten nun fito único





no marco do patrimonio cultural europeo e que víu recoñecida a súa importancia e valía ao formar parte singular dos bens incorporados á lista do Patrimonio mundial pola UNESCO: a Cidade Vella de Santiago de Compostela, da que constitúe o seu principal monumento e o Camiño de Santiago do que é meta e obxectivo final de peregrinación. A S.A.M.I. Catedral é un templo de culto católico sito en Santiago de Compostela, que acolle no sepulcro do Apóstolo Santiago, motivo polo cal é un dos principais destinos de peregrinación de Europa.

**Terceiro.-** A estes efectos a S.A.M.I Catedral de Santiago ten subscrito un convenio coa Fundación Carretas, en virtude do cal aquela asume a xestión dos usos do antigo asilo da rúa Carretas.

Que a través deste convenio, outórgase a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela  
A xerente de Turismo de Galicia

M<sup>a</sup> Elena Barca Ramos

